

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que se ha recibido neste Servicio escrito de D. Ramón Rodríguez, en calidad de presidente da Comunidade Soutelo Verde e Carraxoo con data 15 de abril de 1995, solicitando a transformación de consorcio a convenio do monte "Touza".

2º.- Que se acompaña o primer escrito certificación do secretario da comunidade, que se adxunta, de que en reunión extraordinaria, en data 13 de abril de 1995, se tomou o acordo de solicitar a transformación do actual consorcio en convenio coa Xunta de Galicia.

3º.- Que o día 25 de marzo de 1976, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, tomou o acordo de clasificar como tal o monte "Touza", do termo municipal de Laza, no habiéndose presentado reclamación algunha contra dito acordo, publicado no B.O. da Provincia, tomando o caracter de firme.

4º.- Que o monte "Touza" forma parte dos Consorcios suscritos o 13-2-1948 e 21-9-1953 con nome "Touza 162 OR-2020" e "C. de Castro e Carraxo OR 2065" respectivamente.

5°.- Que a superficie total consorciada do monte "Touza OR-2020" é de 2.698,8 Has. das que pertencen á comunidade de Soutelo Verde e Carraxoo 801,9 Has.

6°.- Que a superficie total consorciada do monte "C. de Castro e Carrajo OR-2065" é de 851,6 Has das que pertencen á comunidade de Soutelo Verde e Carraxoo 29,8 Has.

7°.- Que o estado de contas do mone "Touza" OR-2020 é o seguinte:

ATA O 25 DE MARZO DE 1976

- GASTOS POR TRABALLOS 12.949.527.-Ptas.

Corresponden o monte clasificado para Soutelo

Verde e Carraxoo:

- Traballos: $12.949.527 \times 801,9 / 2.698,8$ 3.847.720.-Ptas.

- Gardería: $655 \text{ pts/ha} \times 801,9 \text{ Has.}$ 525.245.-Ptas.

- Administración: $7,85\% \text{ s/} 3.847.720.-$ 302.046.-Ptas.

TOTAL 4.675.011.-Ptas.

-INGRESOS..... 2.288.766,4-Ptas

Corresponden o monte clsificado para Soutelo Verde e Carraxoo:

-Aproveitamentos maderables:

$2.288.766,4 \times 801,9 / 2.698,8$ 680.066.-Ptas.

-Condonación débeda Lei 13/1989..... 3.994.945.- "

TOTAL..... 4.675.011.-Ptas.

DENDE 25-III-1976 O 31 DE DECEMBRO DE 1994

-GASTOS POR TRABALLOS 76.196.263.-Ptas.

Corresponden o monte clasificado para Soutelo

Verde e Carraxoo:

-Traballos: 76.196.263ptas. x 801,9/2.698,8 22.640.352.-Ptas.

-Gardería: 950 ptas./ha. 801,9 Has. 761.805.-Ptas.

-Administración: 7,85% s/22.640.352.-Ptas. 1.777.268.-Ptas.

TOTAL 25.179.425.-Ptas.

-INGRESOS: 43.077.384.-Ptas.

Corresponden o monte clasificado para Soutelo

Verde e Carraxoo:

-Aproveitamentos maderables.....

43.077.384 x 801,9/2.698,8 12.799.672.-Ptas.

O SALDO DA CONTA DO MONTE "TOUZA" OR-2020 NA PARTE
CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXOO É:

G - I = 25.179.425 Ptas.- 12.799.672.-Ptas. = 12.379.753.-
Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

8°.- Que o estado de contas do monte "C de Castro e
Carraxo" OR-2065 é o seguinte:

ATA O 25 DE MARZO DE 1976

-GASTOS POR TRABALLOS 3.448.638.-Ptas.

Corresponden o monte clasificado de Soutelo

Verde e Carraxoo:

-Traballos: 3.448.638 x 29,8/851,6..... 120.678.-Ptas.

-Gardería: 595 ptas./ha. x 29,8 Has. 17.731.-Ptas.

-Administración: 7,85% s/120.678 9.473.-Ptas.

TOTAL 147.882.-Ptas.

-INGRESOS.....	237.217.-Ptas.
Corresponden o monte clasificado de Soutelo Verde e Carraxoo:	
-Aproveitamentos maderables:	
237.217 x 29,8/851,6.....	8.301.-Ptas.
Condoación débeda lei 13/1989.....	139.581.-Ptas.
TOTAL.....	147.882.-Ptas.

DENDE 25-III-1976 O 31-XII DE 1994

-GASTOS POR TRABALLOS.....	19.352.009.-Ptas.
Corresponden o monte clasificado de Soutelo Verde e Carraxoo:	
-Traballos: 19.352.009 x 29,8/851,6.....	
	677.184.-Ptas.
-Gardería: 950 ptas./Ha. x 29,8.....	28.310.- "
-Administración: 7,85% s/677.184.....	53.159.- "
TOTAL.....	758.653.-Ptas.

-INGRESOS	13.872.488.-Ptas.
Corresponden o monte clasificado de Soutelo Verde e Carraxoo:	
-Aproveitamentos maderables	
13.872.488 x 29,8/851,6	485.439.-Ptas.

O SALDO DA CONTA DO MONTE "CASTRO E CARRAXO" OR-2065 NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXOO É:

G - I: 758.653 - 485.439 = 273.214.-Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA

9º.- Que a débeda total do monte "TOUZA" dos veciños de soutelo Verde e Carraxoo é:

DO TOUZA (OR-2020)	12.379.753.-Ptas.
DO C. DE CASTRO E CARRAXO (OR-2065)	273.214.-Ptas.

TOTAL	12.652.967.-Ptas.
-------------	-------------------

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

1.- Que se aprobe o convenio coas seguintes características:

Nome: "TOUZA".

Elenco: 3215583

Superficie: 831,7 Hás.

Pertenza: Veciños de soutelo Verde e Carraxoo.

Termo municipal: Laza.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial da conta do convenio: 12.652.967.-

Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.


2º.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TOUZA" OR-2020 se resten respectivamente as cantidades de 26.488.072.-Ptas. e 13.479.738.- Ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se concede.

10º.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "C. DE CASTRO E CARRAXO" OR-2065 se resten respectivamente as cantidades de 797.862.-Ptas. e 493.740.-Ptas. que corresponden a parte do consorcio que se cancela.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 11 de xaniero de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Fdo.: Carlos del Álamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

ILMO. SR.

Visto o expediente relativo á transformación de parte dos consorcios constituídos sobre o monte "Touza" OR 2020 e sobre o monte "C. de Castro e Carraxo" OR 2065 nun convenio entre a Consellería de Agricultura Gandería e Montes e a comunidade de montes veciñais en man común de Soutelo Verde e Carraxoo sobre o monte "Touza" sito no termo municipal de Laza e que anteriormente formaba parte dos consorciados, e a vista dos informes favorables emitidos pola Xefatura do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, e pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos por axustarse ó previsto na Lei 5/1977 de Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78 que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84 polo que se deixa sin aplicación no ámbito das Comunidade Autónoma o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como pola Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e o Decreto 260/92 que aproba o seu Regulamento.



Santiago, a 22 de novembro de 1995
O XEFE DA SECCION XURIDICA

Asdo: Manuel M^a Rodriguez Perea

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O:

1º.- Que se aprobe o convenio coas seguintes características:

Nome: "TOUZA".

Elenco: 3215583.

Superficie: 831,7 Hás.

Pertenza: Veciños de Soutelo Verde e Carraxoo.

Termo municipal: Laza.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial da conta do Convenio: 12.652.967.-

Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TOUZA" OR-2020, se resten respectivamente as cantidades de 26.488.072.- Ptas. e 13.479.738.-Ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se concede.

3º.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "C. DE CASTRO E CARRAJO" OR-2065 se resten respectivamente as cantidades de 797.862.-Ptas. e 493.740.-Ptas. que corresponden a parte do consorcio que se cancela.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P.D.

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.


(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

O que lle comunico ós efectos oportunos. Adxúntase dous exemplares das Bases do Convenio unha delas para entidade propietaria.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIIS.



Asdo. Plácido Baamonde López.

SR. XEFE DO SERVICIO DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIIS DE
OURENSE. -

C O N V E N I O

N.º	321	5583
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a vintetres de novembro de mil novecentos noventa e cinco.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. TOMAS PEREZ VIDAL, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. RAMON RODRIGUEZ RODRIGUEZ, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común TOUZA, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Veciños de Soutelo Verde e Carraxos.

e son os que a continuación se describen:

Denominación:

Termo municipal:

Provincia:

Situación administrativa e legal: CLASIFICADO MONTE VECINAL EN MAN COMUN O 23 DE MARZO DE 1.976

Límites:

N.: Monte Tamicelas, de vecinos de Tamicelas, Castro y Naveaus y propiedades particulares

S.: Monte Touza, de vecinos de Souteliño, Laza y Cimadevila.

L.: Monte Xeixedelo y Carballeiras de vecinos de Villameá y M. Touza de vecinos de Souteliño Laza y Cimadevila.

O.: Monte Carrajo de vecinos de Carrajo y el Santo y Término Municipal de Quedro de (Montes Coto de las Mercedes y Comunal de Nocelo con Baldriz)

Superficie: 831,7 Has.

Estado forestal: REPOBLACION CON PINO PINASTER E PINO SILVESTRE

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 831,7 Has.

Sen vexetación arbórea:

Servidumes: ALGUNHAS DE PASO

3ª.— O chan continuará pertencendo a VECINOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXOO

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o Cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante Cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do Un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta consideraranse anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: TOUZA OR -2020 (1 Parte) Comunal de Castro e Carraxo OR-2065 (Parte)

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA (30) por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o SETENTA (70) por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de COSENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será XENERO
PINO PRINCIPALMENTE.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAZ BLANCO, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "LOUZA" de Carraxóo e Soutelo Verde no concello de LAZA.

2.— Que, así mesmo, figura Don RAMÓN RODRIGUEZ RODRIGUEZ, e Don MANUEL PAZOS PAZOS, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica o 19 de marzo de 1994 a 19 de marzo de 1994.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense, a 14 de setembro de 1995.



Don MANUEL PAZOS PAZOS, Secretario de XUNTA DE MONTES DE SOUTELO VERDE E CARRAXO.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 13 de Abril de 1.995 estando designado Don Ramón Rodríguez Rodríguez representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Soutelo Verde-Laza a Vintecatro de Julio de mil novecientos noventa e cinco.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Ramón Rodríguez Rodríguez

PRESIDENTE

RAMON RODRIGUEZ RODRIGUEZ

Manuel Pazos Pazos

MANUEL PAZOS PAZOS

Asdo.:

Asdo.:

CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ

D. _____, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Ramón Rodríguez Rodríguez

Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;

P/D

SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Ronsón Pérez.
(O. do 13/12/93)

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

"Que con data 15 de xaneiro de 1996 o Excmo. Sr. Conselleiro dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Que se aprobe o Convenio coas seguintes características:

Nome: "TOUZA"

Elenco: 3215583

Superficie: 831,7 Has.

Pertenza: Veciños de Soutelo Verde e Carraxo.

Termo municipal: Laza.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial da conta do convenio: 12.652.967.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TOUZA", OR-2020 se resten respectivamente as cantidades de 26.488.072.-ptas. e 13.479.738.-ptas. que corresponden á parte do monte do consorcio que se cancela.

3º.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "C. DE CASTRO E CARRAXO" OR-2065 se resten respectivamente as cantidades de 797.862.-ptas. e 493.740.-ptas., que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

Efectuada a revisión do convenio e consorcio a que afecta a devandita resolución se detectarán erros na aplicación das cantidades económicas imputables ó convenio, por todo iso, proponse a modificación da resolución de 13/1/96, que afecta o convenio nº 3215583 nos termos que se propón na memoria de transformación a convenio que se xunta."

En relación con todo isto, informámoslle:

1º.- Que se recibiu no Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense un escrito de D. Ramón Rodríguez Rodríguez, en calidade de presidente da Xunta de Montes de Soutelo Verde e Carraxó, solicitando a transformación en convenio dos montes "Comunal de Castro e Carraxó" (OR-2065) e "Touza" (OR-2020) na parte correspondente a Soutelo Verde e Carraxó.

2º.- Que o monte veciñal en man común de Soutelo Verde e Carraxó que se quere conveniar, componse de 831,70 Has. das que 801,90 Has. constitúen unha parte das 2.698,80 Has. que forman o consorcio do monte "Touza" (OR-2020), e 29,80 Has. que constitúen unha parte das 851,60 Has. que forman o consorcio do monte "Comunal de Castro e Carraxó" (OR-2065)

3º.- Que en sesión do 25 de marzo de 1976, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasifica-lo monte "Touza" a favor dos veciños de Soutelo Verde e Carraxó, do termo municipal de Laza, sendo firme o acordo ó non haber reclamacións presentadas en prazo,

4º.- Que os traballos de repoboación imputables ó monte "Comunal de Castro e Carraxo" e "Touza" comezaron o ano 1948 e 1953 respectivamente.

5º.- Que o estado de contas do monte "Touza" (OR-2020) na parte correspondente ós veciños de Soutelo Verde e Carraxó, é o seguinte:

ESTADO DE CONTAS DO MONTE "TOUZA" (OR-2020) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXÓ.

5.1. ATA O 25 DE MARZO DE 1976

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio:	12.949.527.-ptas.
Corresponden ós veciños de Soutelo Verde e Carraxó:	
- Traballos: 12.949.527.-ptas. x 801,9 Has./2.698,80 Has.	3.847.720.-ptas.
- Gardería: 655.-ptas. /Ha. x 801,9 Has.	525.244.-ptas.
- Administración: 7,85% s/3.847.720.-ptas.	<u>302.046.-ptas.</u>
TOTAL GASTOS:	4.675.010.-ptas.

- INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio:	2.288.766.-ptas.
Corresponde a monte clasificado para Soutelo Verde e Carraxó:	
- Aproveitamentos madeirables:	
2.288.766.-ptas. x 801,9 Has./2.698,8 Has.	680.066.-ptas.
- Condonación débeda Lei 13/89	<u>3.994.944.-ptas.</u>
TOTAL INGRESOS	4.675.010.-ptas.

Resulta un saldo de **CERO PESETAS** na data da clasificación.

5.2. DESDE O 25 DE MARZO DE 1976 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1993

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio: 69.680.688.-ptas.

Corresponde ós veciños de Soutelo Verde e Carraxó:

- Traballos: 69.680.688 x 801,9 Ha./2.698,80 Ha.	20.704.366.-ptas.
- Gardería: 840.-ptas./Ha. x 801,90 Ha.	673.596.-ptas.
- Administración: 7,85% s/20.704.366.-ptas.	<u>1.625.293.-ptas.</u>

TOTAL GASTOS **23.003.255.-ptas.**

- INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio: 42.229.934.-ptas.

Corresponde ós veciños de Soutelo Verde e Carraxó:

- Aproveitamentos madeirables:	
42.229.934.-ptas. x 801,9 Has./2.698,8 Ha.	<u>12.547.867.-ptas.</u>

TOTAL INGRESOS **12.547.867.-ptas.**

RESULTA UN SALDO DA CONTA DO MONTE "TOUZA" (OR-2020) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXÓ DE:

G - I = 23.003.255.-ptas. - 12.547.867.-ptas. = 10.455.388.-PTAS. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

5.3. DESDE O 1/01/94 ATA O 31/12/94

- GASTOS:

<u>ANO</u>	<u>INVESTIMENTO</u>	<u>COFINANCIADO U.E.</u>	<u>INVESTIMENTO COMPUTABLE</u>
1994	6.515.575.-ptas.	(72,5%) 4.723.792.-ptas.	1.791.783.-ptas.

Gastos totais do consorcio 1.791.783.-ptas.

Corresponden ós veciños de Soutelo Verde e Carraxó

- Traballos: 1.791.783.-ptas. x 801,9 Has./2.698,8 Has.	532.396.-ptas.
- Gardería: 55 x 801,9 Has.	44.104.-ptas.
- Administración: 7,85% s/532.396.-ptas.	<u>41.793.-ptas.</u>

TOTAL GASTOS **618.293.-ptas.**

- INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio: 847.450.-ptas.

Corresponde ós veciños de Soutelo Verde e Carraxó:

- Aproveitamento madeirables:

847.450.-ptas. x 801,9 Ha./2.698,8 Ha. 251.805.-ptas.

TOTAL INGRESOS 251.805.-ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "TOUZA" (OR-2020) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXÓ NO PERÍODO 1/01/94 Ó 31/12/94 DE:

G - I = 618.293.-ptas. - 251.805.-ptas. = 366.488.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

5.4. O SALDO TOTAL DO MONTE "TOUZA" (OR-2020) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXÓ É DE:

ANO 1948-1976

0.-ptas.

ANO 1976-1993

10.455.388.-ptas.

ANO 1994-1994

366.488.-ptas.

TOTAL

10.821.876.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE

GALICIA.

6. ESTADO DE CONTAS DO MONTE "C.CASTRO E CARRAXÓ" (OR-2065) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXÓ.

6.1.ATA O 25 DE MARZO DE 1976

- GASTOS:

Totais do consorcio: 3.448.638.-ptas.

Corresponde ós veciños de Soutelo Verde e Carraxó:

- Traballos: 3.448.638.-ptas. x 29,80 Has./851,60 Has.

120.678.-ptas.

- Gardería: 630.-ptas. /Ha. x 29,80 Has.

18.774.-ptas.

- Administración: 7,85% s/120.678.-ptas.

9.473.-ptas.

TOTAL GASTOS

148.925.-ptas.

- INGRESOS:

Totais do consorcio: 237.217.-ptas.

Corresponde ós veciños de Soutelo Verde e Carraxó:

- Aproveitamentos madeirables:

237.217.-ptas x 29,80 Ha/851,60 Has.

8.301.-ptas.

- Condonación débeda Lei 13/89

140.624.-ptas.

TOTAL INGRESOS

148.925.-ptas.

RESULTA UN SALDO DE CERO PESETAS NA DATA DE CLASIFICACIÓN.

6.2. DESDE O 25 DE MARZO DE 1976 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1993

- GASTOS:

Totais do consorcio: 19.031.734.-ptas.

Corresponde ós veciños de Villameá:

- Traballos: 19.031.734.-ptas. x 29,8 Has./851,6 Has.

665.977.-ptas.

- Gardería: 875.-ptas./Ha. x 29,8 Has.

26.075.-ptas.

- Administración: 7,85% s/665.977.-ptas.

52.279.-ptas.

TOTAL GASTOS:

744.331.-ptas.

. INGRESOS:

Totais do consorcio: 13.434.738.-ptas.

Corresponde ós veciños de Soutelo Verde e Carraxó:

- Aproveitamentos madeirables:

13.434.738.-ptas. x 29,8 Has./851,6 Has. =

470.121.-ptas.

TOTAL INGRESOS

470.121.-ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "C.CASTRO E CARRAXÓ" (OR-2065) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXÓ NO PERÍODO 1976/1993 DE:

G - I = 744.331.-ptas. - 470.121.-ptas. = 274.210.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

6.3. DESDE O 1/01/94 ATA O 31/12/94

- GASTOS:

<u>ANO</u>	<u>INVESTIMENTO</u>	<u>COFINANCIADO U.E.</u>	<u>INVESTIMENTO COMPUTABLE</u>
1994	320.275.-ptas.	(72,5%) 232.199.-ptas.	88.076.-ptas.

Gastos totais do consorcio:

Corresponde ós veciños de Soutelo Verde e Carraxó:

- Traballos: 88.076.-ptas. x 29,8 Has./851,6 Has. =	3.082.-ptas.
- Gardería: 55.-ptas./Ha. x 29,8 Has. =	1.639.-ptas.
- Administración: 7,85% s/3.082.-ptas. =	<u>242.-ptas.</u>
TOTAL GASTOS	4.963.-ptas.

- INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio: 437.750.-ptas.

Corresponde ós veciños de Soutelo Verde e Carraxó:

- Aproveitamentos madeirables:	
437.750.-ptas. x 29,8 Has./851,6 Has. =	<u>15.318.-ptas.</u>
TOTAL INGRESOS	15.318.-ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "C.CASTRO E CARRAXÓ" (OR-2065) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXÓ NO PERÍODO 1/1/94 Ó 31/12/94.

G - I = 4.963.-ptas. - 15.318.-ptas. = -10.355.-ptas. A FAVOR DOS VECIÑOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXÓ.

6.4. O SALDO TOTAL DO MONTE "C.CASTRO E CARRAXÓ" (OR-2065) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE SOUTELO VERDE E CARRAXÓ É DE:

- Ano 1953 - 1976 =	0.-ptas.
- Ano 1976 - 1993 =	274.210.-ptas.
- Ano 1994 - 1994 =	<u>-10.355.-ptas.</u>
TOTAL	263.855.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

7. O SALDO TOTAL DO MONTE QUE SE QUERE CONVENIAR É DE:

DO MONTE "TOUZA" (OR-2020) =	10.821.876.-ptas.
DO MONTE "C. CASTRO E CARRAXÓ" (OR-2065) =	<u>263.855.-ptas.</u>
TOTAL	11.085.731.-ptas. A FAVOR DA

XUNTA DE GALICIA.

Á VISTA DO EXPOSTO, PROPONSE:

1º.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "TOUZA"
Elenco: 3215583
Superficie: 831,70 Has.
Pertenza: Sotelo Verde e Carraxó.
Termo municipal: Laza.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial do Convenio: **11.085.731.-ptas. a favor da Xunta de Galicia.**

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Touza" (OR-2020) teña as seguintes características:

Nome: "TOUZA"
Elenco: OR-2020
Superficie: 1.896,90 Has.
Termo municipal: Laza.
A restar da conta de gastos: 25.084.482.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 13.479.738.-ptas.

3º.- Que no sucesivo o consorcio do Monte "C. Castro e Carraxó" (OR-2065) teña as seguintes características:

Nome: "COMUNAL CASTRO E CARRAXO"

Elenco: OR-2065

Superficie: 821,80 Has.

Pertenza: Varios.

Termo municipal: Laza.

A restar da conta de gastos: 789.737.-ptas.

A restar da conta de ingresos: 493.740.-ptas.

Santiago, 16 de marzo de 1999
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López



VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Con data 15 de xaneiro de 1996 o Excmo. Sr. Conselleiro dictou a seguinte
RESOLUCIÓN:

1º.- Que se aprobe o convenio coas seguintes características:

Nome: "TOUZA"

Elenco: 3215583

Superficie: 831,7 ha.

Pertenza: Veciños de Soutelo Verde e Carraxó.

Termo municipal: Laza.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial da conta do convenio: 12.652.967.-ptas. A FAVOR DA
XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "TOUZA", OR-2020 se
resten respectivamente as cantidades de 26.488.072.-ptas. e 13.479.738.-ptas., que
corresponden á parte do monte do consorcio que se cancela.

3º.- Que da conta de Gastos e Ingresos do monte "C. DE CASTRO E
CARRAXÓ", OR-2065 se resten respectivamente as cantidades de 797.862.-ptas. e
493.740.-ptas. que corresponden á parte do consorcio que se cancela.

Efectuada a revisión do convenio e consorcio a que afecta a devandita
resolución, detectáronse erros na aplicación das cantidades económicas imputables
ó convenio.

En consecuencia, esta Sección Xurídica considera que, de conformidade co establecido no artigo 105.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procedería a rectificación da devandita resolución nos termos que seguidamente se sinalan.

PRIMEIRO.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "TOUZA"

Elenco: 3215583

Superficie: 831,70 ha.

Pertenza: Sotelo Verde e Carraxó.

Termo municipal: Laza.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do Convenio: **11.085.731.-ptas. a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Touza" (OR-2020) teña as seguintes características:

Nome: "TOUZA"

Elenco: OR-2020.

Superficie: 1.896,90 ha.

Termo municipal: Laza.

A restar da conta de gastos: 25.084.482.-ptas.

A restar da conta de ingresos: 13.479.738.-ptas.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio do Monte "C. Castro e Carraxó" (OR-2065) teña as seguintes características:

Nome: "COMUNAL CASTRO E CARRAXO"

Elenco: OR-2065

Superficie: 821,80 ha.

Pertenza: Varios.

Termo municipal: Laza.

A restar da conta de gastos: 789.737.-ptas.

A restar da conta de ingresos: 493.740.-ptas.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA




Mr. José Tato Rocha.

ILMO. SR. DR. XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e visto o informe emitido pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura do Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, e de conformidade co establecido no artigo 105.2 da lei 30/92 do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común,

R E S O L V O:

Rectifica-la Resolución do Excmo. Sr. Conselleiro de 15 de xaneiro de 1996, nos termos que seguidamente se especifican:

1º.- Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "TOUZA"

Elenco: 3215583

Superficie: 831,70 ha.

Pertenza: Sotelo Verde e Carraxó.

Termo municipal: Laza.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do Convenio: 11.085.731.-ptas. a favor da XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "Touza" (OR-2020) teña as seguintes características:

Nome: "TOUZA"

Elenco: OR-2020

Superficie: 1.896,90 ha.

Pertenza: Varios.

Termo municipal: Laza.

A restar da conta de gastos: 25.084.482.-ptas.

A restar da conta de ingresos: 13.479.738.-ptas.

3º.- Que no sucesivo o consorcio do Monte "C.Castro e Carraxó" (OR-2065), teña as seguintes características:

Nome: "COMUNAL CASTRO E CARRAXÓ"

Elenco: OR-2065

Superficie: 821,80 ha.

Pertenza: Varios.

Termo municipal: Laza.

A restar da conta de gastos: 789.737.-ptas.

A restar da conta de ingresos: 493.740.-ptas.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 1999

O CONSELLEIRO

(P.O. 12-01-98)

O SECRETARIO XERAL



Asdo. José Luis Abad García Tuñón.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.